



Presentación electrónica de solicitudes, escritos e comunicacións que non contén cun sistema electrónico específico nin cun modelo electrónico normalizado

OBXECTO

Presentación electrónica de solicitudes, escritos e comunicacións que estean dentro do ámbito de competencias propias do órgano ao que se destinan e non estean relacionadas cun procedemento electrónico específico nin cun modelo electrónico normalizado establecido na sede electrónica da Xunta de Galicia.

LEXISLACIÓN APLICABLE

- Orde do 4 de maio de 2017, conxunta da Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza e da Consellería de Facenda, pola que se aproba a posta en funcionamento do servizo para a presentación electrónica de solicitudes, escritos e comunicacións que non contén cun sistema electrónico específico nin cun modelo electrónico normalizado (DOG nº 87 do 8 de maio de 2017)

ÓRGANO QUE TRAMITA

A solicitude deberá ir dirixida ao órgano con competencias na materia obxecto da solicitude, en concreto poderán ser algún dos seguintes:

- Servizo de Residuos da Subdirección Xeral de Residuos da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda.
- Servizo de prevención e Control Integrados da Contaminación, da Subdirección Xeral de Calidade e Avaliación Ambiental, da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda.
- Servizo de Calidade e Avaliación Ambiental da Xefatura Territorial da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda da Coruña.
- Servizo de Calidade e Avaliación Ambiental da Xefatura Territorial da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda de Lugo.
- Servizo de Calidade e Avaliación Ambiental da Xefatura Territorial da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda de Ourense.
- Servizo de Calidade e Avaliación Ambiental da Xefatura Territorial da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda de Pontevedra.

DOCUMENTACIÓN A ACHEGAR

As persoas interesadas poderán achegar a documentación que estimen necesaria para a tramitación da súa solicitude, escrito ou comunicación.

FORMULARIOS

- PR004A

PRAZO DE PRESENTACIÓN DAS SOLICITUDES

Aberto todo o ano.

LUGAR DE PRESENTACIÓN DAS SOLICITUDES

Tramitación en liña. A estes efectos poderá empregarse a sede electrónica (<https://sede.xunta.gal/portada>).

NOTA

Esta información ten unicamente carácter orientativo, polo que non substitúe nin modifica as disposicións normativas que regulan os diferentes procedementos administrativos nin, en consecuencia, pode dar orixe a dereitos ou obrigas que non se atopen contemplados na regulamentación específica.

Última modificación: abril 2021